

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A COMISIÓN DE INTERCAMBIO CULTURAL, EDUCATIVO E CIENTÍFICO ENTRE ESPAÑA E OS ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA EN MATERIA DE CULTURA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude está tramitando coa Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América o convenio de colaboración en materia de cultura, para a realización de diferentes accións de formación, intercambio e fomento da cultura que se concretan na concesión de bolsas para candidatos vinculados a Galicia por nacemento, residencia, formación en estudos superiores ou artísticos, ou traxectoria profesional. Os candidatos realizarán estudos, estancias ou investigación en Estados Unidos no campo das Artes, e han de cumprir os requisitos e ser seleccionados de acordo coas estipulacións que se establezan nas convocatorias correspondentes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas competencias en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago.



A Consellería competente en materia de cultura vén desenvolvendo desde anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar ao máximo posible o seu patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de formación e intercambio de artistas de Galicia que redunden tanto na mellora da calidade do seu traballo como na súa proxección a nivel galego, estatal e internacional. Paralelamente estas accións terán eco na promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galegos así como doutras que supoñan o recoñecemento dos valores comúns vinculados aos dereitos culturais, a economía vinculada ás industrias creativas e o fomento da universalidade no mundo dixital.

Segundo.- A Comisión Fulbright estableceuse en España en 1958 por acordo executivo entre os dous países. O acordo renovouse en 1994 ampliando os obxectivos da Comisión orixinal e subliñando a súa independencia e foi prorrogado por troco de notas entre os Gobernos (BOE 134, do 3 de xuño de 2004).

A Comisión está formada por representantes dos dous países e copresidida por un alto cargo do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e outro da Embaixada de Estados Unidos en España.

Terceiro.- Para o cumprimento dos seus fins a Comisión Fulbright promove intercambios culturais, educativos e científicos a través de programas de bolsas que permiten a cidadáns de ambos países estudar, investigar e ensinar no outro país.

Terceiro.- As dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan un adecuado fomento da cultura e intercambio cultural, da que Galicia é un referente Atlántico, así como da necesidade de tender pontes entre culturas e a universalidade dos referentes culturais vinculados a elementos tales como o Camiño de Santiago. Concretamente, na área de cultura, ambas partes teñen especial interese no desenvolvemento dun programa de bolsas de ampliación de estudos, estancias e intercambios artísticos, polo que asinan este convenio para alcanzar unha maior eficacia na execución de actuacións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento



xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Elvira M^a Casal García

